

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO PARLAMENTO DE
GALICIA O DÍA 30 DE XULLO DE 2009,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se modifica o Decreto 276/1999, do 21 de outubro, polo que se regula a composición e as funcións do Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia
- Decreto polo que se crea o Consello de Acción Exterior

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto: "Urbanización e adaptación ao plan de intensidade media diaria (IMD) da PO- 415", no municipio das Neves

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Decreto polo que se nomea a María Adela Quinzá- Torroja García como directora do Instituto de Saúde e Seguridade Laboral

CONSELLERÍA DO MAR

- Decreto polo que se dispón o cesamento de vogais do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia
- Decreto polo que se dispón o nomeamento de vogais do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dos convenios de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e as federacións deportivas galegas, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios das federacións e para a fixación, de común acordo, dos programas de actividades de promoción e desenvolvemento da súas modalidades deportivas respectivas
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e a entidade *Solidariedade Internacional de Galicia*, para a execución do proxecto: "Auga e saneamento en tres comunidades de Champerico, Retalhuleu (Guatemala), fase II"; por un importe de trescentos trinta e nove mil cincocentos cincuenta e cinco euros (339,555,00 €)
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a entidade *Asemblea de Cooperación pola Paz*, para a execución do proxecto: "Mellora das condicións de acceso á auga, de habitabilidade e ambientais de 489 familias no barrio da Mosca-Sta. Lucía, en Santiago de los Caballeros, República Dominicana, fase II"; por un importe de cento setenta e nove mil oitocentos corenta e cinco euros (179.845,00 €)
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a entidade *Educación sin Fronteras*, para a execución do proxecto: "Mellora da calidade educativa desde un enfoque de dereitos humanos e equidade de xénero no marco da programa Oxlajuj Tz'Quin; Departamento de Retalhuleu, Guatemala, fase II"; por un importe de cento dezaioito mil douscentos sesenta e oito euros (118.268,00 €)
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a organización non governamental *ACSUR-Las Segovias*, para a execución do proxecto: "Mellora das capacidade produtivas para a soberanía alimentaria e a implementación de iniciativas produtivas comunitarias na costa Sur de Guatemala, departamento de Retalhuleu, Guatemala, fase II"; por un importe de catrocentos noventa e tres mil catrocentos oitenta euros (493.480,00 €)

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a organización non gobernamental *Farmacéuticos Mundi*, para a execución do proxecto: “Mellora da atención en saúde e o acceso a medicamentos da poboación rural dos municipios de Champerico e Retalhuleu, Guatemala, fase II”; por un importe de catrocentos catorce mil oitocentos setenta euros (414,870,00 €)
- Acordo polo que a Xunta de Galicia aprecia a necesidade de formular ao Goberno da Nación requirimento de incompetencia, de conformidade co establecido no artigo 63 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, en relación co Real decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se aproba o Plan de medidas de actuación urxente fronte a crise económica

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Ferrol, para a construción dun auditorio en Ferrol

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto do parque eólico denominado *Serra das Penas* (concello de Paradela), como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal de acordo co previsto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia
- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto do parque eólico denominado *Codesás Fase II* (concellos de Sobrado, Toques e Boimorto), como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal de acordo co previsto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual, por parte da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Consellería de Economía e Industria, para levar a cabo a convocatoria de axudas para o ano 2009 correspondentes ao *Programa Manuel Colmeiro*, dentro do Programa de recursos Humanos do Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica-INCITE (2006-2010)
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e *Gas Galicia SDG, SA* para a subministración de gas natural ás Pontes e Cerceda (A Coruña), polo importe de catro millóns cento cincuenta e seis mil seiscentos sesenta euros (4.156.660,00 €)

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza o compromiso plurianual que se deriva da orde pola se convocan bolsas para a adquisición de libros de texto, materiais curriculares e material didáctico e complementario destinadas ao alumnado matriculado en centros sostidos con fondos públicos en 1º, 2º, 5º e 6º de educación primaria e en educación especial no curso escolar 2009/2010
- Acordo polo que se ratifica o preacordo entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións sindicais CCOO, FETE-UGT, ANPE e STEG, asinado o 10 de xullo de 2009, sobre os agrupamentos do alumnado de educación infantil e primaria para os efectos de constitución de grupos

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se prorroga o contrato-programa asinado o 1 de agosto de 2004 entre o Servizo Galego de Saúde e a *Fundación Pública Sanitaria Centro de Transfusión de Galicia*, para establecer as prestacións sanitaria así como outras actividades complementarias ou de apoio á atención sanitaria a realizar pola fundación, para o período do 1 de agosto de 2009 ao 31 de decembro de 2009; o compromiso económico derivado deste acordo de prórroga é de sete millóns dezasete mil cento noventa e tres euros (7.017.193,00 €)
- Acordo polo que se autoriza a validación do terceiro acordo de prórroga do concerto subscrito entre a Universidade da Coruña e o Servizo Galego de Saúde, para o segundo semestre de 2009 e o primeiro semestre de 2010, por un importe total de un millón douscentos corenta e tres mil douscentos dezaseis euros con seis céntimos (1.243.216,06 €)

- Acordo polo que se autoriza a validación do cuarto acordo de prórroga do concerto suscrito entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Servizo Galego de Saúde, para o segundo semestre de 2009 e o primeiro semestre de 2010, por un importe total de cinco millóns trescentos sesenta e cinco mil setecentos sesenta e sete euros con trinta e seis céntimos (5.365.767,36 €)
- Acordo polo que se autoriza a validación do terceiro acordo de prórroga do concerto suscrito entre a Universidade de Vigo e o Servizo Galego de Saúde, para o segundo semestre de 2009 e o primeiro semestre de 2010, por un importe total de sesenta e catro mil seiscientos setenta e tres euros con sesenta e un céntimos (64.673,61 €)
- Acordo polo que se autoriza a subscripción de convenio de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade e diversos concellos/mancomunidades da Comunidade Autónoma de Galicia, por un importe de un millón novecentos sesenta e sete mil seiscientos oitenta euros (1.967.680,00 €)

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Universidade de Santiago de Compostela para o proxecto de investigación e escavación do campamento romano de Cidadela, en Sobrado dos Monxes
- Acordo polo que se autoriza a celebración do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e a *Asociación de Amigos da Ópera da Coruña*, para a realización conxunta do LVII Festival da Ópera
- Acordo polo que se declara festa de Galicia de interese turístico, na provincia de Ourense, a Feira do Pemento de Oímbra

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza o Consello Galego de Relacións Laborais, adscrito organicamente á Consellería de Traballo e Benestar, para a sinatura dun convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, para a realización dun curso de especialización de posgraduados, baixo a denominación de *Curso Superior de Relacións Laborais* (XX Edición)

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a *Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos*, para o financiamento das aulas da terceira idade, por un importe de douscentos oitenta e catro mil noventa e cinco euros (284.095,00 €)

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración co Ministerio do Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, para a realización de actuacións en materia de desenvolvemento rural, dentro dos proxectos estratéxicos de infraestruturas no medio rural (PEIM 2009-2010)

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se aproba o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal *Proxecto sectorial do parque de tecnoloxía alimentaria de Mougás, Oia – Pontevedra. Documento refundido de acordo co Plan Galego de Acuicultura e os informes de tramitación. Xuño 2009* promovido por *Insuiña S.L.*, para os efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre Galicia na rede: un novo modelo de presenza da Xunta de Galicia na Internet

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre o Plan de Infraestruturas hidráulicas e de traballos ambientais para o período 2009-2013

A XUNTA MODIFICA O DECRETO QUE REGULA O CONSELLO ASESOR DE TELECOMUNICACIÓNS E AUDIOVISUAL DE GALICIA

- *O obxectivo é adaptar o texto aos cambios operados na estrutura da Xunta*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a modificación do Decreto 276/1999, polo que se regulan a composición e as funcións do Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia.

O obxectivo desta modificación é adaptar o Consello Asesor á nova estrutura orgánica da Xunta. Polo tanto, en primeiro lugar modifícase o artigo 1.2, no cal se referenciaba expresamente a extinta Secretaría Xeral de Comunicación, quedando redactado do seguinte xeito: “O Consello Asesor adscríbese, sen prexuízo da súa independencia funcional, ao departamento competente en materia de medios de comunicación social, telecomunicación e audiovisual.”

O artigo 2, referente ás funcións, modifícase para introducir unha alusión á coordinación coa Secretaría Xeral de Medios. As funcións do Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia seguen sendo: propoñer á Xunta medidas no ámbito de telecomunicacións e audiovisual; coñecer e emitir informe sobre os proxectos lexislativos da mesma materia; emitir informes sobre os temas relacionados con este eido que o presidente do consello (o presidente da Xunta) someta á súa consulta; coñecer, mediar e resolver a través do procedemento de arbitraje os conflitos que se poidan producir; propiciar a cualificación e o autocontrol en relación cos contidos dos medios de difusión audiovisuais do ámbito da comunidade autónoma e coñecer e emitir informe sobre as liñas estratéxicas de actuación recollidas no libro branco das telecomunicacións, así como no futuro libro branco do audiovisual de Galicia.

No tocante ao artigo 3, a composición modifícase de tal xeito que, sendo presidente do Consello o presidente da Xunta, os novos vicepresidentes quedan definidos do seguinte xeito: “Vicepresidente I: a persoa titular do departamento competente en materia de medios de comunicación e audiovisual; Vicepresidente II: a persoa titular do departamento competente en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións; Vicepresidente III: a persoa titular do departamento competente en materia de cultura.”

Os vogais do consello serán, segundo esta nova redacción do decreto: dous vogais en representación dos departamentos en cada unha destas materias: cultura, modernización tecnolóxica e protección civil; tres vogais do departamento con competencias en materia de medios de comunicación audiovisual e un vogal en representación de cada un dos restantes departamentos que integran a Xunta de Galicia.

O artigo 3 fai ademais unha referencia expresa a que o organismo “tentará acadar unha participación equilibrada de mulleres e homes”, conforme a recomendación efectuada polo Servizo Galego de Igualdade no pertinente informe sobre impacto de xénero.

A entrada en vigor deste decreto non representará incremento de gasto, xa que o cumprimento das obrigas económicas derivadas deste se afrontan con cargo ás partidas consignadas dentro dos orzamentos de xestión ordinaria da Secretaría Xeral de Medios.

A XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE CREA E REGULA O CONSELLO DE ACCIÓN EXTERIOR DE GALICIA

- *Contará co xefe do Executivo galego, Alberto Núñez Feijóo, como presidente de honor e co conselleiro de Presidencia e o director xeral de Relacións Exteriores como presidente e vicepresidente, respectivamente*
- *A súa finalidade é asesorar con carácter non vinculante o Goberno galego no deseño das estratexias, plans e programas no eido da acción exterior*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao decreto polo que se crea e regula o Consello de Acción Exterior (CAEX) de Galicia, como o órgano de traballo asesor do Executivo galego en materia de acción exterior. A finalidade deste consello, que se adscribe á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, é asesorar con carácter non vinculante a Xunta no deseño das estratexias, plans e programas no eido da acción exterior.

O obxectivo é aglutinar esforzos, coordinar as actuacións público-privadas, reforzar a imaxe de Galicia no mundo e consolidar no tempo a acción exterior de Galicia. Para acadar estes fins entre as súas funcións están identificar necesidades, obstáculos e oportunidades para a acción exterior de Galicia; fomentar a interacción coordinación e colaboración entre o sector público autonómico, a empresa privada e a sociedade civil para o desenvolvemento desta; xerar ideas para o deseño e desenvolvemento da estratexia, plans e programas e realizar estudos e informes a petición da Presidencia.

A composición do CAEX contará cun presidente de honor -o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo-, un presidente -Alfonso Rueda, conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza-; un vicepresidente -Jesús Gamallo, director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea- e unha secretaría, ao cargo dunha persoa funcionaria da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE. Tamén estarán presentes, en calidade de vogais, os titulares das Consellería de Economía e Industria, Educación e Ordenación Universitaria, Cultura e Turismo e Mar -ou as persoas en que deleguen-; así como representantes da Dirección Xeral do Gabinete de Presidencia, Secretaría Xeral de Emigración, as universidades galegas, cámaras de comercio, Confederación de Empresarios de Galicia, sindicatos, entidades galegas de estudos internacionais, organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento galego, Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular e ata tres personalidades galegas de recoñecido prestixio no ámbito internacional. A composición do CAEX tenderá a acadar unha participación equilibrada de mulleres e homes e o seu mandato será de catro anos.

Ademais destas persoas, nas xuntanzas do CAEX poderán participar os titulares dos órganos superiores e directivos dos departamentos da Xunta de Galicia que sexan convocados polo seu presidente en función dos asuntos a tratar, para que expoñan os proxectos e iniciativas no seu ámbito de competencias. O CAEX elaborará con carácter periódico unha memoria sobre as actividades desenvolvidas en cumprimento das súas funcións, que poderá ser publicada pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

A XUNTA DE GALICIA INVISTE 1,3 MILLÓNS DE EUROS NA URBANIZACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL DA ESTRADA AS NEVES-SALVATERRA AO SEU PASO POLAS NEVES

- *No treito interurbano, realizarase unha renovación integral do piso, mentres que no treito urbano se realizarán beirarrúas dun metro oitenta a ambos os lados da calzada e unha zona de aparcadoiro*
- *A lonxitude do tramo obxecto desta actuación é de case 4 quilómetros; e suporá un beneficio para máis de 17.000 veciños das Neves e dos concellos limítrofes que utilizan habitualmente esta vía*

O Consello da Xunta de Galicia vén de aprobar o decreto de utilidade pública e urxente ocupación dos bens afectados polas obras de urbanización e adaptación ao plan de intensidade media diaria (IMD) da estrada As Neves-Salvaterra, no concello pontevedrés das Neves. Esta vía pertence á Rede secundaria de estradas da Xunta de Galicia. A lonxitude do tramo que se vai adaptar é de case 4 quilómetros metros e suporá un orzamento de máis 1,3 millóns de euros.

O proxecto, financiado pola consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, consiste na mellora integral da estrada ao seu paso polo concello das Neves. O seu acondicionamento mellorará substancialmente a seguridade viaria da zona, posto que se levará a cabo a construción de beirarrúas e aparcadoiros en determinados puntos, cos cales se resolverán as carencias deste treito. Nestes momentos, a vía carece incluso de beiravías e os cruzamentos de estradas teñen unha visibilidade que se debe mellorar, xa que xera riscos para os peóns que son os usuarios de servizos públicos existentes na zona, tales como o colexio e a praza de abastos.


A execución das obras levarase a cabo en dúas fases. Na primeira, no treito interurbano, realizarase unha renovación integral do piso, mentres que no treito urbano, se realizarán beirarrúas dun metro oitenta a ambos os lados da calzada e unha zona de aparcadoiro. Tamén haberá unha rotonda de dous carrís, de catro metros cada un e dúas beiravías dun metro cada unha.

Para levar a cabo esta obra escavaranse 5.830 metros cúbicos de terra; empregaranse 396 toneladas de betume asfáltico e 7.950 toneladas de mestura bituminosa en quente e, ademais, colocarase unha nova sinalización tanto horizontal como vertical, o balizamento, as defensas e a drenaxe tanto lonxitudinal como transversal.

Esta adaptación beneficiará os veciños das vilas pontevedresas de Salvaterra de Miño, As Neves e Arbo, polo que darán servizo a máis de 17.480 habitantes.

Trámite de urxencia

A urxencia desta obra vén motivada pola súa incidencia na seguridade viaria, para evitar riscos innecesarios aos veciños das Neves que empregan esta vía tanto para accederen aos mencionados servizos como ás súas súas propias vivendas.



90.07.09

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

DIRECTORA DO INSTITUTO DE SAÚDE E SEGURIDADE LABORAL (ISSGA)

María Adela Quinzá- Torroja García

Naceu na Coruña en 1962

Licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela

É funcionaria de carreira do corpo superior da Administración da Xunta de Galicia desde 1993 e técnico superior en prevención de risco laborais.

Entre as súas responsabilidades destaca o seu cargo como subdirectora de Seguridade e Saúde Laboral da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais entre o ano 2000 e 2004.

Foi subdirectora de Seguridade e Réxime Interior na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza desde abril de 2006 ata xuño de 2009 e, na actualidade era subdirectora de xogo e espectáculos públicos.

Desde abril de 2006 é vogal da Comisión de Coordinación de Policías Locais.

Ten participado como profesora e relatora en seminarios de prevención de riscos laborais nas universidades galegas, e en materias de coordinación de policía locais na Academia Galega de Seguridade Pública.

A XUNTA DESIGNA OS REPRESENTANTES DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA NO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DE PORTOS DE GALICIA

- *Os representantes da Administración son nomeados por proposta das consellerías representadas no ente público*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se nomean os novos membros do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia. O Consello de Administración é o órgano superior colexiado de dirección do ente público tal e como se dispón no artigo 10 do seu regulamento aprobado polo Decreto 227/1995, do 20 de xullo.

A súa composición atende á proposta do presidente do ente público Portos de Galicia, agás os representantes da Administración autonómica, nomeados por proposta dos respectivos conselleiros dos departamentos autonómicos con representación no ente.

A composición do Consello de Administración de Portos de Galicia queda da seguinte maneira:

NOME	REPRESENTACIÓN	SUPLENTE
Blanca García-Señoráns Álvarez	Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	
Joaquín Caballero Miranda	Consellería de Facenda	
Isabel Vila Barbosa María Encarnación Díaz Rivas Jose Antonio Fernández Vázquez Miguel Rodríguez Bugarín	Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	
José Riesgo Boluda	Consellería de Economía e Industria	
José Paz Gestoso	Secretaría Xeral de Turismo	
Francisco José Vidal-Pardo Pardo Susana Rodríguez Carballo	Consellería do Mar	
Domingo Rey Seijas	Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo	Alfonso García Ben
María Josefa Crespo Fraga	Federación Provincial de	José Ramón

	Confrarías de Pescadores da Coruña	Longueira Suárez
Jose Antonio Gómez Castro	Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra	
Juan Antonio Quiroga Lage	Cámaras de Comercio, Industria e Navegación da provincia da Coruña	
Antonio Pertejo Castaño	Cámaras de Comercio, Industria e Navegación da provincia de Lugo	
Juan Carlos González Fernández	Cámaras de Comercio, Industria e Navegación da provincia de Pontevedra	
Javier Ruiz de Cortázar Díaz	Federacións e clubs náutico-deportivos galegos	
Salvador Fernández Moreda	Administracións locais pola provincia da Coruña	
Lara Méndez López	Administracións locais pola provincia de Lugo	
Gonzalo Durán Hermida	Administracións locais pola provincia de Pontevedra	
Juan Carlos Pérez Oviedo	Persoal do ente público	Pedro Urquijo Gómez

A XUNTA FINANCIARÁ CON 4,1 MILLÓNS DE EUROS OS GASTOS DERIVADOS DA PROMOCIÓN DAS DISTINTAS MODALIDADES DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS

- *Os convenios coas distintas entidades deportivas terán carácter anual e, unha vez asinados, de forma excepcional, poderase proceder á tramitación de anticipos do cincuenta por cento da contía total deles*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dos convenios de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e as federacións deportivas galegas que teñen por obxecto contribuír aos gastos ordinarios das federacións, así como fixar, de común acordo, os programas e actividades de promoción e desenvolvemento das súas modalidades deportivas respectivas. Segundo se establece no acordo, o Goberno galego destinará a este fin un total de 4.118.718 euros durante o ano 2009.

As diferenzas existentes entre as modalidades deportivas das distintas federacións e a gran disparidade de características que cada federación presenta en canto á implantación, dificultade técnica, interese ou nivel deportivo, obrigan a establecer programas singularizados para cada unha das 59 federacións recoñecidas na comunidade. Por este motivo, a Secretaría Xeral para o Deporte promove programas de promoción e desenvolvemento adaptando as liñas de colaboración con cada federación ás necesidades de cada unha delas e recollendo as súas diferenzas.

Segundo autorizou o Consello da Xunta, os distintos convenios terán carácter anual e, unha vez asinados, excepcionalmente, poderase proceder á tramitación de anticipos do cincuenta por cento da contía total deles. Xustificados estes anticipos, procederase a anticipar o 50 por cento restante ata completar a cantidade total da anualidade.

A vixencia do convenio estenderase desde o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2009.

PRESIDENCIA FINANCIARÁ CON MÁIS DE 1,5 MILLÓNS DE EUROS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DEDICADAS Á COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO

- *O Consello da Xunta aprobou cinco convenios de colaboración que perseguen mellorar as condicións de vida de varias comunidades de Guatemala e a República Dominicana*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou, na súa xuntanza semanal, a subscripción de cinco convenios de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e diversas entidades sen ánimo de lucro, polos cales se achegarán, a través da súa Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE un total de 1.546.018 euros. O obxectivo destes acordos é fomentar a cooperación ao desenvolvemento, a través da posta en marcha de catro proxectos en Guatemala e un na República Dominicana, que permitirán a mellora das condicións de vida dos seus beneficiarios.

ACSUR-Las Segovias

A Consellería de Presidencia asinará un convenio de colaboración e outorgaralle 493.480 euros a ONG ACSUR-Las Segovias para a execución da segunda fase do proxecto *Mellora das capacidades productivas para a soberanía alimentaria e a implantación de iniciativas productivas comunitarias na costa sur de Guatemala*.

O proxecto contribúe ao cumprimento dun dos obxectivos do milenio (ODM), concretamente a importancia de erradicar a pobreza extrema e a fame, e enmárcase dentro dunha estratexia predefinida xunto con 559 familias de 13 comunidades e unha asociación de pescadores do departamento de Retalhuleu.

Farmacéuticos Mundi

Nesta mesma liña, tamén se colaborará coa ONG Farmacéuticos Mundi, para executar a segunda fase dun proxecto que persegue mellorar a atención sanitaria e o acceso a medicamentos da poboación rural dos municipios de Champerico e Retalhuleu, en Guatemala. Concretamente, a Xunta comprométese a destinar 414.870 euros para a súa execución.

Preténdese que a intervención se centre na mellora da calidade dos servizos de saúde nas comunidades onde non exista ningún tipo de cobertura. Para iso levaranse a cabo coordinacións con outras organizacións e institucións que estean presentes na zona de intervención, así como cos distritos de saúde do Ministerio de Saúde, favorecendo a cooperación e garantindo a viabilidade do proxecto.

Solidaridade Internacional de Galicia

Por outra banda, a Xunta subscribirá tamén un convenio de colaboración coa entidade Solidariedade Internacional de Galicia para a posta en marcha da segunda fase do proxecto *Auga e saneamento en tres comunidades de Champerico. Retalhuleu-Guatemala*.

O Goberno galego destinará 339.555 euros para o cumprimento do proxecto que ten por obxectivo contribuír a que tres comunidades do municipio de Champerico accedan a condicións de vida digna, a través do melloramento da infraestrutura hixiénico-sanitaria sustentado na promoción da equidade, o respecto aos dereitos humanos e a protección do ambiente.

Educación sin Fronteras

O último convenio de colaboración en Guatemala asinarase coa entidade Educación Sin Fronteras para a execución da segunda fase do proxecto *Mellora da calidade educativa desde un enfoque de dereitos humanos e equidade de xénero, no marco do programa Oxlajuj Tz'Quin no departamento de Retalhuleu* (Guatemala), ao cal se lle achegan 118.268 euros.

Educación Sin Fronteras é unha entidade de carácter privado e sen ánimo de lucro que apoia desde o seu nacemento comunidades de Perú, Bolivia, Guatemala ou Guinea Ecuatorial, co fin de mobilizar todos os recursos humanos e materiais dispoñibles para mellorar a súa situación no campo da educación.

Asemblea de Cooperación pola Paz

Doutra banda, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e a entidade Asemblea de Cooperación pola Paz colaborarán para executar a segunda fase do programa integral de *Mellora das condicións de acceso á auga, de habitabilidade e ambientais de 489 familias no barrio da Mosa -Santa Lucía en Santiago de los Caballeros* (República Dominicana), iniciado xa no ano 2008. Para este fin, a Xunta de Galicia comprometerase a achegar 179.845 euros.

A XUNTA FORMULARALLE AO GOBERNO UN REQUIRIMENTO DE INCOMPETENCIA PARA QUE RESPECTE A FACULTADE DE GALICIA NA XESTIÓN DE RESIDUOS DAS ACTIVIDADES MINEIRAS

- *O requirimento aprobado polo Consello é para o Real decreto sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras*
- *O Goberno galego instou a conflictividade constitucional contra esta norma no seu conxunto por non ter rango formal de lei e porque certos artigos fan unha regulación exhaustiva que impide á Comunidade Autónoma de Galicia legislar no ámbito das súas competencias*

O Consello da Xunta acordou na súa reunión de hoxe formularlle ao Goberno central un requirimento de incompetencia do Real decreto 975/2009, do 12 de xuño, por entender que invade as competencias da Administración autónoma galega. A dita norma refírese á xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras e cualifícase, toda ela, de carácter básico con base en tres títulos competenciais: sobre ambiente, sobre minas e sobre seguros.

O Goberno galego, a través da súa Dirección Xeral de Relacións Institucionais, a Asesoría Xurídica Xeral e a Dirección Xeral de Industria Enerxía e Minas, analizou a norma e atopou procedente instar a conflictividade constitucional contra esta no seu conxunto, por non ter rango formal de lei, e subsidiariamente, respecto de certos artigos da norma, por faceren unha regulación exhaustiva que excede as bases inxustificadamente, impedindo deste xeito que a Comunidade Autónoma de Galicia poida legislar no ámbito das súas competencias (Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia).

O Goberno galego entende que con esta norma, de rango inferior á lei, o Estado invade competencias da Administración galega, polo que se aprecia a necesidade de formularlle o Goberno central un requirimento de incompetencia, de conformidade co establecido no artigo 63 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, e reserva para si o dereito de acudir ao Alto Tribunal no caso de que a resposta non satisfaga os intereses propios da comunidade galega.

A XUNTA REORIENTA 1.200 MILLÓNS DE EUROS PARA DESTINALOS AO PLAN DE CHOQUE CONTRA A CRISE QUE INCLÚE 40 MEDIDAS DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA

- *O Goberno implica aos axentes económicos e sociais no marco do diálogo social e creará unha comisión de seguimento para avaliar os resultados*
- *Contempla catro liñas de actuación: fomento do emprego, da produtividade e do tecido industrial, de apoio ás familias e de financiamento de avais*
- *Da cantidade global, un total de 125 millóns proceden do Plan de Austeridade posto en marcha pola Xunta que permitiu un aforro nos orzamentos de 144 millóns*
- *Destinará un total de 811 millóns de euros para o fomento da produtividade e do tecido industrial, 178 millóns de euros en medidas de fomento do emprego, 115 para medidas sociais e un total de 72 en operación de financiamento e avais*
- *O plan de aforro permitirá destinar 27,7 adicionais para a Lei da Dependencia e incrementar os colectivos beneficiados polo salario de inserción*
- *Destina 6,3 millóns de euros a plans de recolocación de traballadores que estean en situación de desemprego*
- *Tamén achegará 12 millóns de euros para apoiar 8.000 explotacións gandeiras con dificultades e 2 para reforzar as brigadas contraincendios*

O Plan de Choque fronte a crise, aprobado hoxe polo Consello da Xunta, mobilizará arredor de 1.200 millóns de euros e inclúe un paquete de 40 medidas de dinamización económica, en torno a catro liñas de actuación, que son o fomento de emprego; do tecido produtivo; apoio ás familias e outras medidas sociais; e operacións de financiamento e avais co obxecto de mellorar a liquidez das empresas. Do total, un 10,4%, 125 millóns de euros, saíran do Plan de Austeridade do Goberno, que conseguiu aforrar 144 millóns grazas á redución dos gastos correntes. O obxectivo é o impulso directo cara a superación da crise económica e a compensación dos seus efectos sobre as familias e as empresas.

Coa aprobación deste plan de medidas urxentes contra a crise a Xunta cumpre cun dobre compromiso: o de presentar, antes dos cen días, un documento con diferentes instrumentos para facer fronte á actual situación económica de xeito inmediato e, en segundo lugar, o de implicar aos axentes sociais antes da súa posta en marcha, co fin de que puidese incluír as súas achegas.

Neste sentido, nas últimas dúas semanas e despois de tres reunións con empresarios e forzas sindicais e de seren incluídas varias das súas aportacións, o Goberno galego aproba hoxe este paquete de medidas a desenvolver nos próximos seis meses.

Hai que destacar que, do total do orzamento mobilizado, 178 millóns de euros están reservados para o fomento do emprego e 90,1 millóns para o apoio social.

millóns de euros servirán para a contratación de traballadores que esgotaran a prestación por desemprego, con axudas ás entidades locais, universidades e entidades sen ánimo de lucro para que contraten a estas persoas durante un período de 6 a 9 meses.

Para intentar a contratación das persoas que remataron estas prestacións están previstos 57,1 millóns de euros do fin de fomentar a súa inserción laboral, ben a través de programas mixtos de emprego-formación, ben a través de contratación por conta allea ou mediante o autoemprego.

Respecto a plans de recolocación de traballadores, dispónse de 6,3 millóns de euros dos que se poderán beneficiar persoas en situación de desemprego que esgotaran a prestación, traballadores que proveñan de sectores en crise, especialmente construción e lousa, madeira, téxtil e comercio, así como afectados por un expediente de regulación de emprego de extinción das relacións laborais. Esta partida sumarase aos 24,4 millóns de euros para plans de formación e outras axudas a traballadores.

Así mesmo, contempla o incremento do colectivo de beneficiarios do salario de inserción, medida para a que se destinan dous millóns de euros. Esta cantidade irá dirixida a ofrecer prestacións económicas a aquelas persoas demandantes de emprego que realicen actividades que permitan mellorar as súas posibilidades de empregabilidade. Con esta acción preténdese paliar os efectos da crise especialmente en dous colectivos: os demandantes de emprego en situación de exclusión social e aqueles que non xeraron dereito a prestación.

En canto ao fomento do tecido produtivo, haberá 811 millóns de euros para suplir a baixa demanda en sectores básicos da economía galega, aumentar a competitividade do tecido empresarial e mellorar a difícil situación que están a pasar as explotacións gandeiras. Así, a maior parte do montante, 644 millóns de euros, irá para investimento en infraestruturas.

Respecto ás medidas sociais e de apoio ás familias, haberá un montante de preto de 115 millóns de euros, que se distribuirán en 113,7 millóns de euros para financiar servizos e prestacións da Lei de Dependencia –con 27,7 millóns de euros de recursos adicionais grazas ao Plan de Austeridade e en 0,7 millóns de euros de axuda a traballadores desempregados para facilitar a súa mobilidade xeográfica.

A isto hai que engadir a modificación dos requisitos para aprazar e fraccionar o pago de débedas de ingresos de dereito público coa Comunidade Autónoma de Galicia, así como a racionalización do parque móbil da Xunta.

En operacións de financiamento e avais está previsto mobilizar un total de 72 millóns de euros para tratar de achegar liquidez a empresas solventes para compensar a

restrición crediticia actual por mor da crise financeira, facendo unha especial referencia ás pemes.

Así, haberá un programa do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) de apoio aos investimentos no sector da automoción dotado con 60 millóns de euros, ademais de liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das pemes por un importe de 7,6 millóns de euros.

Outras medidas incluídas neste apartado son 2 millóns de euros para un fondo de capital risco para a promoción do cooperativismo, 1,8 millóns de euros para o Programa re-imaXina de apoio á inversión de pemes e microempresas e 1 millón de euros para unha liña específica para comerciantes, que se estima que podería chegar a mobilizar préstamos por 60 millóns de euros.

Dos 125 millóns de euros procedentes dos 144 do Plan de Austeridade, un total de 9,4 irán destinados vinculadas ao impulso do emprego, 86,6 a fomento do tecido produtivo, 27,7 a actuacións sociais e de apoio ás familias e un millón de euros para operacións de financiamento e avais.

Este plan permitirá ademais financiar infraestrutura hidráulica por 8 millóns de euros, estradas por 27 millóns, actuacións en portos por 8,6 e obras do Sergas por 8, ata un total de 51,6 millóns de euros de investimento en infraestruturas.

Os investimentos do Plan de Choque comprenderán tamén actuacións na área das tecnoloxías da información e da comunicación, dedicados especialmente ao acceso a internet a través de banda ancha, nunha cantidade engadida de 20 millóns de euros, procedentes igualmente do aforro.

Ademais, 70 dedicaranse a medidas de dinamización do medio rural, dos que 12 millóns de euros –tamén saídos do aforro corrente- serán unha axuda directa para 8.000 explotacións gandeiras con dificultades para amortizar os préstamos subscritos. Outros 2 millóns de euros do Plan de Austeridade permitirán contar con 38 brigadas máis para a campaña de incendios.

O Plan de Choque igualmente prevé un millón de euros para unha actuación específica para a corrección de deficiencias en camiños, albergues, patrimonio arquitectónico e sinalización de cara á celebración do Ano Santo 2010.

A Xunta implicou aos axentes económicos e sociais na elaboración deste Plan de Choque e recolleu as súas demandas, no marco do diálogo social, e como medida de actuación inmediata que se encadrará nun plan estratéxico de maior alcance, que tamén será obxecto dun proceso específico de concertación con sindicatos e empresarios.

Ademais, está previsto que se constitúa unha comisión de seguimento destas actuacións que se reunirá no último trimestre de ano para avaliar o plan e establecer aquelas medidas correctoras que se deriven das circunstancias económicas e sociais.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA UNHA DOTACIÓN ADICIONAL DE 3,3 MILLÓNS DE EUROS QUE PERMITIRÁ A FINALIZACIÓN DO AUDITORIO DE FERROL DESPOIS DE MÁIS DE DOUS ANOS DE PARALIZACIÓN

- *O orzamento total para a execución das obras ascende, tendo en conta os gastos xa realizados e as novas previsións, a 14,8 millóns de euros*
- *As obras reiniciáronse a comezos de xullo, e ao longo do mes leváronse a cabo os traballos necesarios para desenvolver adecuadamente o labor construtivo: instalación das medidas de seguridade, roza e limpeza da parcela, e adecuación xeral de toda a obra, entre outras accións*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou a sinatura dun convenio entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Ferrol para reiniciar as obras de construción do Auditorio de Ferrol. Os traballos para realizar esta infraestrutura retomáronse a mediados deste mes de xullo, despois de estar máis de dous anos paralizados por problemas coa dirección de obra.

Tal e como se recolle no texto do convenio proposto, o orzamento para esta actuación ascende a case 10 millóns de euros (9.932.409), o que supón un incremento sobre o anterior convenio, asinado en xullo de 2004, de 3,3 millóns de euros. A este orzamento hai que engadirle os 4,87 millóns de euros xa executados, polo que o investimento total para a execución das obras ascende a 14,8 millóns. Esta contía servirá, ademais, para aboar os gastos derivados dos traballos de modificación que nestes momentos se atopa en trámite para redefinir o deseño da sala principal e aumentar a súa funcionalidade e versatilidade, así como para a mellora das comunicacións entre os distintos espazos do auditorio.

Cómpre recordar que as obrigas que asume cada unha das administracións non se verán modificadas, polo tanto a Xunta de Galicia financiará a execución das obras pendentes, contrataraas e dirixiraas, e recepcionará o edificio unha vez rematado. Pola súa banda, os responsables municipais terán que sufragar os gastos de explotación, mantemento e condicións de funcionamento das edificacións e instalacións, así como recibir o edificio cando estea finalizado.

Proxecto de modificación

Durante a execución das obras xurdiron novas necesidades e causas imprevistas que se consideraron de interese público e determinaron a idoneidade de redactar un proxecto de modificación. Coa sinatura deste acordo reactivanse as obras do auditorio, que -segundo anunciou o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas recentemente nunha visita a Ferrol- estará rematado en algo máis de ano e medio, no primeiro trimestre de 2011.

Con esta infraestrutura, o Concello de Ferrol contará cun edificio cunhas condicións adecuadas para o desenvolvemento de actividades e eventos culturais axeitados ás necesidades desta cidade e que apoiarán o desenvolvemento social e cultural de Ferrol.

O auditorio está situado na parcela do antigo matadoiro, no polígono de Esteiro 5ª fase, nas proximidades do polígono de Caranza. As súas vías limítrofes son a avenida Telleiras, a avenida do Mar e a enseada de Caranza. A sala principal terá capacidade para 900 espectadores. A superficie construída acadará aproximadamente os 9.000 metros cadrados.

Estado actual

As obras executadas ata o momento corresponden á cimentación do edificio, ao 75% da súa estrutura (faltan por executar as vigas pretensadas e as lousas alveoladas da cuberta) e parte do saneamento.

Está pendente de executar o remate da estrutura da cuberta, cerramentos, particións interiores, sollados e revestimentos, carpintaría exterior e interior, instalacións (fontanaría e saneamento, electricidade, climatización, protección contra incendios, especiais), mobiliario e sinalización, equipamento e urbanización da parcela.

Actuacións realizadas no mes de xullo

As obras reiniciáronse a comezos do mes de xullo. Desde entón leváronse a cabo os traballos necesarios para desenvolver adecuadamente o labor construtivo: instalación das medidas de seguridade, roza e limpeza da parcela, limpeza xeral de toda a obra e retirada de entullos, chorreo mediante presión de area da estrutura de formigón para eliminar os restos de óxido, e revisión xeral do estado da cimentación, entre outras accións.

A XUNTA AUTORIZA OS PROXECTOS SECTORIAIS DOS PARQUES EÓLICOS DE SERRA DAS PENAS E OS CODESÁS

- *O parque eólico de Serra das Penas conta cunha potencia admitida de 42 MW, mentres que a segunda fase do dos Codesás instalará unha potencia de 21.25 MW*
- *O orzamento das dúas infraestruturas supera os 43 millóns de euros*

O Consello da Xunta vén de aprobar dous acordos con que autoriza definitivamente os proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal dos parques eólicos de Serra das Penas, situado no concello de Paradela (Lugo), e dos Codesás, que abrangue os concellos de Sobrado, Toques, e Boimorto, todos eles na provincia da Coruña.

O parque eólico Serra das Penas é un proxecto sectorial de incidencia supramunicipal promovido por Endesa e Renovables S.A.U., cunha potencia admitida de 42 MW. O orzamento total para a posta en marcha desta infraestrutura é de máis de 29,1 millóns de euros.

A segunda fase do parque eólico dos Codesás aprobada definitivamente polo Consello é un proxecto sectorial de incidencia supramunicipal promovido por Enel Unión Fenosa Renovables S.A., cunha potencia a instalar de 21,25 MW e un orzamento previsto que supera os 14,2 millóns de euros.

No que se refire ás características dos parques, en Serra das Penas instalaranse 21 aeroxeradores cunha potencia nominal unitaria 2.000 KW, un diámetro de rotor de 89,6 metros e unha altura de torre 78 metros, mentres que os Codesás contará con 25 aeroxeradores cunha potencia nominal unitaria de 850 KW, un diámetro de rotor de 52 metros e unha altura da torre de 65 metros.

ECONOMÍA E INDUSTRIA SUMA OUTROS 3,5 MILLÓNS DE EUROS ÁS AXUDAS DESTINADAS A REFORZAR O I+D+i EN GALICIA

- *A Consellería leva investido ata o de agora un total de 62 millóns de euros no sistema galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación*
- *As achegas reforzan o compromiso da Consellería de Economía e Industria coa innovación a todos os niveis e afianza ao I+D+i como un dos piares fundamentais das políticas que está a desenvolver o departamento de Javier Guerra Fernández*
- *O Consello da Xunta aprobou o investimento correspondente á convocatoria deste ano do programa de recursos humanos do Plan galego de I+D+i Manuel Colmeiro*
- *Esta liña de axudas persegue incentivar a contratación estable de investigadores cunha traxectoria destacada e un alto potencial e premiar o esforzo de consolidación feito polas entidades que os incorporan*
- *O investimento súmase ás accións recentemente aprobadas polo Goberno de Galicia para investigación básica e aplicada, propiedade industrial, dotacións para investigación, accións de divulgación da ciencia e da tecnoloxía e de dinamización da innovación e formación de investigadores*

A Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Consellería de Economía e Industria acadou hoxe a autorización do Consello da Xunta para convocar a orde de axudas correspondente ao Programa Manuel Colmeiro. Esta liña, incluída no Programa de recursos humanos de plan galego de I+D+i 2006 – 2010 (Incite), implica uns compromisos de gasto de carácter anual polo importe de 3,5 millóns de euros.

Esta nova axuda ao I+D+i galego súmase ás accións dinamizadoras recentemente aprobadas pola Xunta de Galicia a través de Consellería de Economía e Industria, que leva investido ata o de agora un total de 62 millóns de euros para reforzar o sistema galego de investigación, desenvolvemento e innovación. Deste xeito, o departamento que dirixe Javier Guerra Fernández reforza o seu compromiso coa innovación a todos os niveis e afianza ao I+D+i como un dos piares fundamentais das actuacións que se están a desenvolver na consellería.

O Programa Manuel Colmeiro ten como obxectivo incentivar a consolidación de investigadores cunha traxectoria destacada e alto potencial. Para acadar este obxectivo, recolle dúas liñas complementarias de apoio. A primeira está orientada á incorporación e á consolidación en centros galegos do persoal docente-investigador e incentiva a ocupación de postos de traballo de carácter permanente por persoas cunha traxectoria investigadora relevante. A segunda liña premia, con achegas de 250.000 euros nunha única anualidade, o esforzo de consolidación realizado polos centros do sistema galego de ciencia e tecnoloxía.

Poden optar a estas axudas as universidades públicas galegas que cubrisen en 2008 postos de traballo con contratacións permanentes e retribucións equivalentes ás dun profesor titular de universidade (43.350 euros por ano).

Ademais, as persoas que ocupen os postos subvencionados deben ter o grao de doutor cunha antigüidade mínima de seis anos, experiencia posdoutoral de máis de 24 meses fóra de Galicia ou ter obtido o título de doutor nunha universidade estranxeira. Os investigadores do Programa Ramón y Cajal (ou programas equivalentes) das convocatorias dos anos 2001, 2002 e 2003, e os investigadores do Programa Parga Pondal das convocatorias de 2003, 2004, 2005 e 2006, deberán ter realizado estadias de investigación en universidades ou centros de I+D distintos a aquel en que estean prestando os seus servizos, polo menos durante 18 meses, despois de completaren os cursos de licenciatura ou ter cursado e obtido o título de doutor nunha universidade estranxeira.

As axudas recentemente aprobadas pola Xunta de Galicia e a Consellería de Economía e Industria para apoiar e dinamizar a innovación conforman un dos eixes fundamentais da política que desenvolve o departamento que dirixe Javier Guerra Fernández. A través da Dirección Xeral de Innovación, Desenvolvemento e Investigación a Xunta vén de poñer en marcha achegas para a investigación básica e aplicada, propiedade industrial, dotacións para investigación, accións de divulgación da ciencia e da tecnoloxía e de dinamización da innovación e formación de investigadores.

ECONOMÍA E INDUSTRIA FINANCIA CON 1,2 MILLÓNS DE EUROS A SUBMINISTRACIÓN DE GAS NATURAL ÁS PONTES E CERCEDA

O Consello da Xunta vén de autorizar un convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a compañía Gas Galicia SDG, S.A., para a subministración de gas natural ás Pontes e Cerceda, na provincia da Coruña, un proxecto que este departamento financiará con máis de 1,2 millóns de euros.

A Consellería que dirixe Javier Guerra achegará 1.247.000 euros dos 4.156.660 euros orzados para a posta en marcha do servizo de subministración de Gas Natural aos dous concellos coruñeses. Este departamento subvencionará a devandita infraestrutura en catro anualidades con 88.500 euros en 2009, 502.500 euros en 2010, 399.000 en 2011 e 257.000 euros en 2012.

Deste xeito, Economía e Industria achegará o 30% do investimento para a construción das dúas infraestruturas gasísticas. A subministración das Pontes financiarase con 880.700 euros, dos máis de 2,9 millóns achegados para a súa construción, e a de Cerceda con 366.300 euros, dos máis de 1,2 millóns que custará a súa posta en marcha.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO NO CURSO 2009-2010

- *O prazo para a presentación da solicitude estará aberto do 1 ao 30 de setembro*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a convocatoria de bolsas para a adquisición de libros de texto no curso 2009-2010, no cal comezará a implantarse o novo modelo de gratuidade solidaria. Este programa, que dotará as familias de bolsas en función da súa renda, substituirá progresivamente ao de préstamo vixente, comezando polos cursos de 1º, 2º, 5º e 6º de primaria e educación especial.

Estas bolsas, dotadas cunha contía total de 6,9 millóns de euros, serán outorgadas en función do nivel adquisitivo de cada familia. Todas os fogares con ingresos inferiores aos 9.000 euros per cápita recibirán unha axuda de 104 euros por cada neno. Se ademais os ingresos son inferiores a 5.400 euros per cápita –ou 6.000 no caso de familias monoparentais– a bolsa increméntase ata os 180 euros. Para os alumnos de educación especial, a Consellería de Educación garante 250 euros, sexa cal sexa o nivel de renda.

A convocatoria terá en conta o exercicio fiscal do ano 2008 e presenta unha atención especial ás familias con membros afectados por minusvalideces igual ou superior ao 33%, xa que estas persoas computarán por dúas á hora de establecer o nivel de renda.

O sistema de gratuidade solidaria comezará a implantarse en 1º, 2º, 5º e 6º de primaria e educación especial debido a que hai que repoñer os manuais destes cursos o vindeiro ano. No resto dos niveis substituírse progresivamente o de préstamo ata quedar completamente implantado a partir do 2012-13.

As solicitudes poderanse recoller nos centros, nas delegacións territoriais ou na páxina web www.edu.xunta.es e o prazo para a súa presentación será do 1 ao 30 de setembro. Así mesmo, estas solicitudes terán que presentarse nas secretarías dos centros educativos, que deberán proporcionar asesoramento ás familias que o requiran.

Unha vez tramitadas e resoltas as axudas, as listaxes definitivas de admitidos publicaranse nos taboleiros dos centros, no portal educativo da consellería e nos departamentos. O pagamento farase a través dos centros, que terán 10 días para o aboamento aos beneficiarios.

A axuda será compatible con outras destinadas ao mesmo fin sempre que non se supere o custo dos libros e materiais subvencionados e deberá destinarse integramente á súa adquisición.

O CONSELLO DA XUNTA RATIFICA O PREACORDO SOBRE OS CRITERIOS DE AGRUPAMENTO EN CENTROS DE INFANTIL E PRIMARIA

- *O preacordo foi asinado cos sindicatos CC.OO., UXT, STEG e ANPE o pasado 10 de xullo no marco da mesa sectorial de educación*

O Consello da Xunta ratificou o preacordo alcanzado na mesa sectorial de educación sobre os criterios de agrupamento de educación infantil e primaria para os efectos de constitución de unidades. Este preacordo xa foi asinado o pasado 10 de xullo polo director xeral de Centros e Recursos Humanos, José Manuel Pinal, e representantes de CC.OO, UXT, STEG e ANPE deixando a porta aberta á incorporación doutras organizacións no futuro. Os asinantes sinalaron naquel momento que se trataba do mellor acordo de todo o Estado no relativo a esta cuestión.

O preacordo sitúa en 14 o tope para agrupar alumnos do mesmo ciclo de primaria e 12 no caso de que pertencen a diferentes ciclos. Se están implicados alumnos de toda a etapa de primaria, poderase agrupar sempre que non superen os 10 alumnos.

No caso de educación infantil, será posible agrupar alumnos de diferente nivel se non se exceden os 14 alumnos, ou 12 alumnos no caso de que estean implicados nenos de 3 anos. Tamén se poderá agrupar nunha mesma unidade o alumnado de dúas etapas –infantil e primaria- cando o número sexa igual ou inferior a 10.

A creación de todas estas unidades realizarase durante os próximos dous cursos. No acordo, a Consellería de Educación tamén se compromete a ofertar formación específica para o profesorado que imparta docencias a estas unidades agrupadas e a revisar a supresión de escolas unitarias nas xuntas de persoal. A aplicación destes criterios redundará nun ensino de maior calidade, moi especialmente no ámbito rural, principal beneficiario desta medida.

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE DESTINA 6,6 MILLÓNS DE EUROS ÁS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS

- *No marco da colaboración establecida en materia de utilización das institucións sanitarias para a investigación e docencia universitarias*
- *A cantidade destinada establécese para o segundo semestre de 2009 e o primeiro de 2010*

A Consellería de Sanidade vai destinar ás tres universidades galegas, para o período correspondente ao segundo semestre do presente ano e o primeiro do vindeiro, a cantidade de 6.673.656 euros, no marco da utilización das institucións sanitarias na investigación e docencia universitarias.

Para tal efecto, o Consello da Xunta vén de aprobar o acordo polo que se autoriza a prórroga do concerto subscrito entre o Servizo Galego de Saúde e as universidades de Santiago, A Coruña e Vigo, asinado no ano 2001, para colaborar nos aspectos docentes, asistenciais e de investigación.

Así, grazas a esta colaboración entre as tres universidades galegas e o Sergas, coopérase, entre outros obxectivos, no mantemento da cualificación dos profesionais da saúde ao seu máis alto nivel, e trabállase para que as investigacións e ensinanzas universitarias relacionadas coas ciencias da saúde poidan ser utilizadas para a mellora constante da atención sanitaria. Ademais, poténciase a investigación das ciencias da saúde, coordinando as actividades das universidades coas das institucións sanitarias para unha mellor utilización dos recursos humanos.

Así mesmo, favorécese o desenvolvemento de departamentos universitarios nas áreas da saúde, potenciando a súa coordinación coas unidades de investigación dos hospitais e demais institucións sanitarias.

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE ACHEGA 7 MILLÓNS DE EUROS PARA O FINANCIAMENTO DO CENTRO DE TRANSFUSIÓN DE GALICIA ATA FINAL DE ANO

O Consello da Xunta aprobou hoxe, na súa xuntanza semanal, a prórroga do contrato-programa asinado en agosto de 2004 entre o Servizo Galego de Saúde e o Centro de Transfusión de Galicia para establecer as prestacións sanitarias, así como outras actividades complementarias ou de apoio á atención sanitaria a realizar pola fundación.

Esta prórroga entrará en vigor o 1 de agosto de 2009 e rematará o 31 de decembro de 2009, co fin de facer coincidir a vixencia deste contrato-programa co exercicio orzamentario. O compromiso económico imputarase ao Servizo Galego de Saúde por un importe total de 7.017.193 euros durante os meses sinalados.

A actividade principal do Centro de Transfusión de Galicia está centrada na subministración dos diferentes compoñentes sanguíneos aos hospitais públicos galegos. Os elementos subministrados (hemacias, plaquetas e plasma), son obtidos por procesos de separación e realízanse sobre eles as probas de detección e análise e máis os procesos que fan que sexan máis seguros para o receptor.

SANIDADE DESTINA PRETO DE 2 MILLÓNS DE EUROS A CONCELLOS E MANCOMUNIDADES GALEGOS PARA O COFINANCIAMENTO DE PROGRAMAS DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS

A Consellería de Sanidade achegará un total de 1.967.680 euros a 43 convenios de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias con distintos concellos e mancomunidades da Comunidade Autónoma de Galicia, achegando a actividade preventiva a un total de 114 concellos de Galicia a través de agrupacións de concellos limítrofes ou os que conforman as distintas mancomunidades.

Esta cantidade distribuirase en dúas anualidades (2009-2010) -de 983.840 euros cada unha- entre os concellos de Ames, O Barco de Valdeorras, Betanzos, Boqueixón, Burela, Cangas, O Carballiño, Carballo, Catoira, A Coruña, Culleredo, Cuntis, A Estrada, Fene, Ferrol, O Grove, Lalín, Lugo, Marín, Monforte, Noia, Ourense, Pontearreas, Pontedeume, Pontevedra, O Porriño, Rábade, Redondela, Rianxo, Ribadeo, Ribeira, Santiago de Compostela, Sanxenxo, Sarria, Tui, Vigo, Vilagarcía de Arousa e Vilalba e as mancomunidades do Carballiño, Celanova, Ordes, Val Miñor e Verín. O orzamento destinado oscilará entre os 20.400 e os 112.200 euros.

Os programas de prevención serán desenvolvidos ata o 30 de xuño de 2010 nos ámbitos, escolar, familiar, xuvenil e/ou laboral. Tamén se realizarán actividades transversais de soporte a estes programas, tanto de información-sensibilización como de formación de mediadores sanitarios e sociais.

(Xúntase cadro cos datos por concellos.)

	2009	2010	TOTAL
Ames (3)	20.500,00 €	20.500,00 €	41.000,00 €
O Barco	10.200,00 €	10.200,00 €	20.400,00 €
Betanzos (6)	20.910,00 €	20.910,00 €	41.820,00 €
Boqueixón (3)	12.750,00 €	12.750,00 €	25.500,00 €
Burela (9)	22.000,00 €	22.000,00 €	44.000,00 €
Cangas	22.950,00 €	22.950,00 €	45.900,00 €
O Carballiño	12.750,00 €	12.750,00 €	25.500,00 €
Manc. Carballiño (7)	11.220,00 €	11.220,00 €	22.440,00 €
Carballo	28.050,00 €	28.050,00 €	56.100,00 €
Catoira (6)	33.150,00 €	33.150,00 €	66.300,00 €
Manc. Celanova (8)	11.220,00 €	11.220,00 €	22.440,00 €
A Coruña	53.550,00 €	53.550,00 €	107.100,00 €
Culleredo	15.300,00 €	15.300,00 €	30.600,00 €
Cuntis (2)	15.300,00 €	15.300,00 €	30.600,00 €

A Estrada	15.300,00 €	15.300,00 €	30.600,00 €
Fene	17.850,00 €	17.850,00 €	35.700,00 €
Ferrol	42.000,00 €	42.000,00 €	84.000,00 €
O Grove	24.200,00 €	24.200,00 €	48.400,00 €
Lalín	20.400,00 €	20.400,00 €	40.800,00 €
Lugo	44.625,00 €	44.625,00 €	89.250,00 €
Marín	15.300,00 €	15.300,00 €	30.600,00 €
Monforte	15.300,00 €	15.300,00 €	30.600,00 €
Noia (5)	20.125,00 €	20.125,00 €	40.250,00 €
Manc. Ordes (7)	20.400,00 €	20.400,00 €	40.800,00 €
Ourense	48.450,00 €	48.450,00 €	96.900,00 €
Ponteareas (2)	11.730,00 €	11.730,00 €	23.460,00 €
Pontevedra	19.380,00 €	19.380,00 €	38.760,00 €
Pontevedra	40.800,00 €	40.800,00 €	81.600,00 €
Porriño	12.750,00 €	12.750,00 €	25.500,00 €
Rábade	12.750,00 €	12.750,00 €	25.500,00 €
Redondela	20.400,00 €	20.400,00 €	40.800,00 €
Rianxo (2)	15.300,00 €	15.300,00 €	30.600,00 €
Ribadeo (4)	15.810,00 €	15.810,00 €	31.620,00 €
Ribeira	17.850,00 €	17.850,00 €	35.700,00 €
Santiago	51.000,00 €	51.000,00 €	102.000,00 €
Sanxenxo	17.850,00 €	17.850,00 €	35.700,00 €
Sarria (7)	15.300,00 €	15.300,00 €	30.600,00 €
Tui	13.260,00 €	13.260,00 €	26.520,00 €
Manc. Val Miñor (3)	28.050,00 €	28.050,00 €	56.100,00 €
Manc. Verín (7)	12.750,00 €	12.750,00 €	25.500,00 €
Vigo	56.100,00 €	56.100,00 €	112.200,00 €
Vilagarcía de Arousa (7)	35.700,00 €	35.700,00 €	71.400,00 €
Vilalba	13.260,00 €	13.260,00 €	26.520,00 €
TOTAL	983.840,00 €	983.840,00 €	1.967.680,00 €

As parénteses cun número fan relación ao número de concellos agrupados (43 convenios - 114 concellos)

APROBADO O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE CULTURA E TURISMO E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO PARA A ESCAVACIÓN DO CAMPAMENTO ROMANO EN SOBRADO DOS MONXES POR UN IMPORTE DE 60.000 EUROS

- *En virtude do acordo coa Consellería de Cultura e Turismo, a USC desenvolverá un proxecto de investigación nas escavacións do campamento romano de Cidadela nos próximos dous anos*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Universidade de Santiago de Compostela polo que se autoriza o proxecto de investigación, conservación e escavación arqueolóxica do campamento romano de Cidadela, en Sobrado dos Monxes. A Consellería achegará para o desenvolvemento destas actuacións a suma total de 60.000 euros distribuídos nunha primeira anualidade de 26.400 euros e nunha segunda de 33.600.

O xacigo romano de Cidadela (Sobrado dos Monxes), é propiedade da Xunta de Galicia, e o seu estudo e investigación lévase a cabo desde 1982. A coordinación deste proxecto regularase no marco dun convenio que permita o seu aproveitamento científico e de formación para estudantes e licenciados.

A Consellería de Cultura e Turismo subvencionará este proxecto ao abeiro das concesións das axudas para a conservación, recuperación, restauración e promoción do patrimonio cultural de Galicia. A Universidade de Santiago, como entidade promotora, porá en liza valores como a arte rupestre ou a potenciación do seu coñecemento e difusión mediante a contratación dos medios humanos, técnicos e materiais necesarios para o axeitado desenvolvemento dos traballos e a execución, no prazo de vixencia do convenio, dos obxectos deste, como a conservación, restauración e difusión do patrimonio cultural e as intervencións no patrimonio arqueolóxico.

Rede Galega do Patrimonio Arqueolóxico

Unha vez rematadas as actuacións no campamento romano de Cidadela, o resultado final do xacigo arqueolóxico de Sobrado dos Monxes será incorporado na Rede Galega do Patrimonio Arqueolóxico (RGPA) impulsada desde o Servizo de Arqueoloxía da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. A necesidade de potenciar o patrimonio galego fai que sexa necesario impulsar proxectos que se levan a cabo desde outras institucións públicas como entidades locais, particulares ou comunidades de montes como propietarias dun gran número de xacigos. A RGPA levará a cabo actuacións destinadas a garantir a conservación e mantemento da maior parte dos xacigos arqueolóxicos e unha axeitada presentación ao público, de xeito individualizado ou mediante unha ruta ou itinerario.

CULTURA E TURISMO FINANCIARÁ CON 320.000 EUROS O LVII FESTIVAL DA ÓPERA DA CORUÑA

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Asociación de Amigos da Ópera da Coruña segundo o cal, a consellería participará no financiamento do LVII Festival da Ópera cun importe total de 320.000 euros. A través da Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura, a Consellería comprométese a preparar, producir, planear a comunicación e organizar actividades do LVII Festival da Ópera da Coruña.

A Consellería de Cultura e Turismo e a Asociación de Amigos da Ópera da Coruña involucranse neste convenio co fin de asentaren accións conxuntas que permitan desenvolver actividades de promoción da música.

Deste xeito, queda garantido o compromiso de Consellería de Cultura e Turismo coas asociacións que, como a Asociación de Amigos da Ópera da Coruña, levan a cabo unha importante actividade cultural que contribúe ao desenvolvemento, mellora e difusión da nosa cultura, tanto na propia comunidade como cara ao exterior. A Asociación de Amigos da Ópera da Coruña é un órgano xestor da actividade musical no Concello da Coruña que leva a cabo unha actividade decisiva para a expansión da cultura musical en Galicia, cun labor que se ve traducido na afluencia masiva do público ás actividades programadas.

DECLARADA FESTA DE GALICIA DE INTERESE TURÍSTICO A FEIRA DO PEMENTO DE OÍMBRA EN OURENSE

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se declara a Feira do Pemento de Oímbra na provincia de Ourense como festa de Galicia de interese turístico. Con esta declaración, a festa, que se celebra o primeiro domingo de agosto no concello de Oímbra, pasa a ser recoñecida como unha das manifestacións ou acontecementos de carácter festivo, que, celebrados no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, supoñen unha valoración da cultura e das tradicións populares e teñen especial importancia como atractivo turístico.

Para acadar esta consideración, segundo o decreto que regula o procedemento para a declaración de festas de Galicia de interese turístico, o acordo do pleno do concello de Oímbra contou co informe favorable do Servizo de Turismo da antiga Delegación Provincial de Ourense e foi aprobado pola Comisión de Valoración.

A XUNTA ASINARÁ UN CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO PARA REALIZAR UN CURSO SUPERIOR DE RELACIÓNS LABORAIS

- *A Consellería de Traballo e Benestar destinará unha partida de 55.058 euros para levar a cabo a actuación*
- *A iniciativa desenvolverase entre o 20 de novembro de 2009 e o 4 de xuño de 2010 e terá unha duración de 200 horas lectivas. O número de prazas será limitado a 75*

A Consellería de Traballo e Benestar, a través do Consello Galego de Relacións Laborais, asinará un convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) para a realización da vixésima edición do curso superior de relacións laborais de especialización de posgraduados. O departamento autonómico investirá nesta actuación un total de 55.058 euros, unha partida económica que será plurianual. Así, dedicaranse 17.024 euros no presente ano e 38.034 euros no 2010. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do documento.

O curso desenvolverase entre o 20 de novembro de 2009 e o 4 de xuño de 2010 e terá unha duración de 200 horas lectivas. O número de prazas será limitado a 75 e o prezo da matrícula será de 1.292 euros que se deberán aboar na Universidade de Santiago de Compostela. A iniciativa distribúese ao longo de seis módulos que se complementan con diversas conferencias, intervencións dos axentes sociais e visitas a empresas.

Os destinatarios do curso serán as persoas licenciadas en Ciencias Económicas, Empresariais e Dereito; diplomados en Relacións Laborais; organizacións empresariais e sindicais e aquelas persoas que desempeñen tarefas de xestión de recursos humanos, ben que se poderá autorizar a asistencia de outros titulados en que concorra unha especial vinculación co ámbito obxecto do curso.

A iniciativa, conxunta entre o Consello Galego de Relacións Laborais e a Universidade de Santiago de Compostela, pretende que os alumnos coñezan de primeira man os cambios que se veñen producindo na lexislación laboral: os que afectan o mercado de traballo (formas de contratación, organización do traballo ou extinción dos contratos...) a negociación colectiva, a representación dos traballadores na empresa, a seguridade social e a seguridade e hixiene no posto laboral. A dirección do curso correrá a cargo de Javier Gárate Castro, catedrático de Dereito do Traballo na Facultade de Dereito da USC.

O Consello Galego de Relacións Laborais e a Universidade de Santiago de Compostela levan a ofertar este curso por vinte anos consecutivos, conscientes da demanda pola sociedade galega de ensinanzas do máis alto nivel no eido das relacións laborais, así

como da necesidade de promover, nun mercado que se mostra cada vez máis competitivo, a adaptación da xestión das empresas ao novo estilo de dirección persoal que marca a política de recursos humanos e as súas exixencias organizativas.

Nesta nova edición do curso preténdese ofrecer aos alumnos solucións fronte aos problemas que presenta a aplicación das novas normas, tanto laborais como de seguridade social.

TRABALLO DESTINA MÁIS DE 280.000 EUROS A PROMOVER AS AULAS DA TERCEIRA IDADE

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre o departamento autonómico e a Asociación cultural galega de formación permanente de adultos*

A Consellería de Traballo e Benestar destina máis de 280.000 euros ao financiamento de aulas da terceira idade, para facilitar aos participantes a adquisición de novos coñecementos, a actualización dos que xa posúen e o contacto permanente coa realidade e a dinámica social. O obxectivo é mellorar a calidade de vida das persoas maiores galegas.

Con esta meta, o Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre o departamento autonómico e a Asociación cultural galega de formación permanente de adultos, que se ocupará de coordinar e desenvolver estas aulas.

A Consellería de Traballo destaca a importancia destas actividades, en tanto que dan resposta ás necesidades de formación e ocupación creativa do tempo libre, ao tempo que actúan como unha prevención ante situacións de illamento social das persoas maiores.

Neste programa inclúense actividades como conferencias, actuacións e maquillaxe teatral, proxección de películas ou debates interxeneracionais. Tamén conta con seminarios e talleres de diversos temas como literatura, ximnasia, inglés ou informática.

En concreto, desenvolveranse actividades na Coruña, Santiago de Compostela, Ferrol, Padrón, Ourense, Lugo, Monterroso, Vilalba e Vigo.

O convenio terá vixencia ata o 31 de decembro deste ano, aínda que financiará tamén os gastos realizados desde o 1 de xaneiro do presente exercicio. Ademais, para o seguimento e coordinación das actividades, crearase unha comisión mixta e paritaria formada por membros da Consellería de Traballo e Benestar e da Asociación cultural galega de formación permanente de adultos.

A XUNTA E O GOBERNO CENTRAL DESTINARÁN 27 MILLÓNS DE EUROS A DESENVOLVEMENTO RURAL NO PERÍODO 2009-2010

- *O Consello autorizou hoxe a sinatura dun convenio coa Administración do Estado que garantirá actuacións no ámbito rural nos 315 concellos galegos*
- *Desta cantidade, o Ministerio de MARM achega 18 millóns e a Consellería do Medio Rural os 9 restantes*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño (MARM) e a Consellería do Medio Rural, para a realización de actuacións de desenvolvemento rural nos 315 concellos da Comunidade Autónoma. Este convenio enmárcase dentro dos proxectos estratéxicos de infraestruturas no medio rural (PEIM 2009-2010).

Para esta actuación o Ministerio dedicará un total de 18 millóns de euros, e a Consellería do Medio Rural outros 9 millóns, no marco do proxecto *Infraestruturas e equipamentos no medio rural*. Os fondos achegados pola Xunta distribuiranse en dúas anualidades: neste 2009 dedícanse 2 millóns de euros, e no vindeiro ano 2010 achegaranse os 7 restantes.

Dispersión e envellecemento

Neste convenio de colaboración entre ambas as administracións a repartición aos concellos faise en función dos criterios de maior carácter agrario e rural, así como o seu grao de despoboamento e envellecemento. Tamén se terá en conta a poboación rural, o número e a dispersión de núcleos e entidades de poboación, xunto coa extensión territorial municipal.

A Consellería do Medio Rural determinou as cantidades que podería destinar a cada concello de Galicia no período 2009-2010 para obras de infraestruturas.

A XUNTA AUTORIZA A AMPLIACIÓN DA PLANTA DE MOUGÁS

- *A ampliación da planta de produción será de 7.786 m²*
- *Con esta actuación, preténdese acadar unha produción de 8 millóns de alevíns de rodaballo ao ano*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto sectorial do parque de tecnoloxía alimentaria de Mougás promovido por *Insuíña S.L* para a ampliación dunha planta de produción e cría de alevíns de rodaballo que a empresa posúe en Mougás, no concello de Oia. Coa ampliación preténdese acadar unha produción de 8 millóns de alevíns de rodaballo ao ano.

O proxecto, integrado no Plan galego de acuicultura, e polo tanto, de incidencia supramunicipal, recolle a ampliación de 7.786 m². Deste xeito a superficie ocupada definitivamente pasará a ter 16.662 m².

Esta autorización concédese despois de que se superasen os informes de impacto ambiental e os informes das direccións xerais de Ordenación do Territorio e Urbanismo e de Sustentabilidade e Paisaxe.

Con esta actuación a Consellería do Mar pon de manifesto o seu compromiso coa acuicultura para que Galicia siga a ser punteira neste ámbito, pero sempre respectando o ambiente e un desenvolvemento sustentable.

A XUNTA PRESENTA O PROXECTO *GALICIA NA REDE*, QUE SUPÓN UN NOVO MODELO DE PRESENZA DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA GALEGA NA INTERNET

- *Galicia na Rede achega á Administración Pública de Galicia Internet cunha orientación cara ao cidadán*
- *A web será un elemento estratéxico de comunicación de Galicia no exterior*
- *Implantarase por fases, de acordo cun plan de traballo que prevé a realización en outubro dunha enquisa aos cidadáns para coñecer o perfil do cidadán que se achega a rede, e as súas expectativas*
- *A web resultante deste proxecto converterase nun elemento fundamental no modelo de goberno electrónico da Xunta de Galicia xa que se configurará como a canle de entrada ao portelo do cidadán e como soporte a sede electrónica*

A Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica presentou hoxe ao Consello da Xunta o proxecto *Galicia na Rede*. Este proxecto supón un novo modelo da presenza da Xunta e do conxunto da Administración pública de Galicia na Internet.

A Internet é unha canle cada vez máis crítica para as organizacións, e os cidadáns cada vez son máis esixentes sobre o que a Administración lles ofrece a través desta canle.

Na actualidade, o portal www.xunta.es está máis centrado na propia Administración que nos cidadáns, moi condicionada pola estrutura organizativa dos departamentos da Xunta, polo que amosa escasa utilidade real xa que apenas ofrece contidos e servizos de interese para a cidadanía.

A isto súmase a forte dispersión das iniciativas dentro da Administración pública de Galicia, de explotación da Internet con máis de 200 portais corporativos, funcionais ou temáticos que provocan un escaso aproveitamento horizontal e duplicidade de servizos, e unha multiplicidade tecnolóxica que ocasiona unha barreira para a integración de contidos e servizos no portal corporativo e o seu desenvolvemento avanzado en relación co usuarios.

Ante esta situación o proxecto *Galicia na Rede* supón a posta en marcha dun novo modelo de presenza da Administración pública galega na Internet co obxecto de recuperar a función estratéxica como canle de comunicación de referencia, como portal de servizos orientados ao cidadán e de acceso a Administración electrónica. E debe ser capaz de proxectar unha imaxe da Administración galega e de Galicia no exterior.

Orientación cara ao cidadán e a difusión de Galicia

Acadar este obxectivo non é unicamente un redeseño da imaxe da web institucional, senón que supón un cambio na forma de estruturar os contidos, ordenados non segundo a estrutura organizativa de Xunta senón en función de áreas temáticas ou de feitos vitais que simplifiquen o acceso aos servizos de interese.

Supón tamén promover escenarios de participación evolucionando cara ao concepto da web 2.0 e incrementar contidos orientados a difusión da imaxe de Galicia e non unicamente da súa actividade institucional.

A evolución das webs da Administración: coordinación de esforzos

O proxecto non se limita á web institucional www.xunta.es senón que comprende todas as webs vinculadas á Administración pública.

O proxecto *Galicia na Rede* debe permitir compatibilizar un portal corporativo de referencia coas iniciativas na Internet que acometan as distintas consellerías e racionalizar os recursos humanos, tecnolóxicos e económicos dedicados á presenza da Xunta na internet.

Dentro do criterio de promoción da utilización de software de fontes abertas, a nova plataforma da Internet utilizará ferramentas de software libre no eido da xestión e publicación de contidos.

O proxecto establecerá directrices e criterios estratéxicos en que situar calquera iniciativa de uso da canle web por parte das áreas da Xunta; tratase de que o cidadán poida de xeito máis sinxelo acceder a todos os servizos da Administración.

A posta en marcha do proxecto será de forma gradual

A partir de outubro porase en marcha unha enquisa aos cidadáns coa que se busca obter información sobre o perfil do cidadán que se achega á Xunta a través da internet, así como dos servizos que espera recibir a través desta canle desde a Administración pública.

Coa posta en marcha desta enquisa, incorporaranse os primeiros cambios de orientación na estrutura actual, referencias a eventos da actualidade de Galicia, como será a sección relativa ao Xacobeo.

A planificación do proxecto prevé que en xaneiro de 2010 se dispoña xa dunha nova web institucional coa nova orientación como canle de comunicación co cidadán, e como presenza da Administración pública e de Galicia en si mesma na rede da Internet.

A partir deste momento, ao longo do 2010, abordarase un plan específico de traballo con cada consellería e coa colaboración de distintas áreas para acadar o obxectivo común de ofrecer mellores servizos aos cidadáns.

Mecanismos de soporte e evolución dos portais

A constitución dunha Comisión Web permitirá formalizar un órgano de coordinación das novas iniciativas neste ámbito.

Deberán promover a evolución do portal de acordo coas tecnoloxías e demandas sociais, velar polo cumprimento das políticas para a evolución ou adaptación ás necesidades das unidades usuarias, servirles de referencia e soporte, e ofrecer os servizos de transferencia de coñecemento a nivel funcional e tecnolóxico.

A Administración electrónica

A web resultante deste proxecto converterase nun elemento fundamental no modelo de goberno electrónico da Xunta de Galicia xa que se configurará como a canle de entrada ao portelo do cidadán, e como soporte á sede electrónica.

A XUNTA INVESTIRÁ MAIS DE 860 MILLÓNS DE EUROS NOS VINDEIROS CATRO ANOS PARA MELLORAR AS REDES DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE GALICIA E GARANTIR UNHA XESTIÓN ÓPTIMA DAS AUGAS

- *Un 30 por cento do orzamento resérvase para actuacións que xa están en curso, mentres que 615 millóns se destinarán a medidas que se porán en marcha no horizonte 2009-2013*
- *O Goberno galego abre unha nova etapa en materia hidráulica cun dobre obxectivo: garantir e preservar a calidade das augas de Galicia e fomentar un uso racional deste recurso natural, ademais de contribuír ao desenvolvemento económico sustentable de Galicia*
- *O Plan de infraestruturas hidráulicas está formado por seis liñas de traballo fundamentais: actuacións en saneamento e depuración de augas residuais; accións de abastecemento e regulación de recursos hídricos; medidas de defensa de inundacións; control de verteduras; implantación da Directiva marco da auga; e explotación das estacións depuradoras de augas residuais*

O Goberno galego, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, investirá ata o ano 2013 un orzamento de máis de 868 millóns de euros na posta en marcha e desenvolvemento das medidas e accións recollidas no Plan de infraestruturas hidráulicas. A meta consiste en garantir, ao longo da presente lexislatura, unha xestión óptima das augas a través da mellora das redes de saneamento e depuración da comunidade.

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá informou do contido e dos principais obxectivos recollidos no Plan de infraestruturas hidráulicas e de traballos ambientais para o período 2009-2013, elaborado pola Administración hidráulica de Galicia, dependente do departamento que dirixe Agustín Hernández.

Cómpre sinalar que un 30 por cento (253.065.683 euros) do orzamento son recursos económicos comprometidos en actuacións que xa están en curso, mentres que a porcentaxe restante, é dicir, 615.708.307 euros se destinarán a aquelas medidas que se poñan en marcha nos vindeiros 4 anos.

Neste senso, os investimentos de que disporá a Xunta de Galicia para a materialización das accións en materia hidráulica elévanse a 868.773.990, dos cales 390.347.840 se dedicarán ao saneamento, para o capítulo de abastecemento resérvase 208.659.183 euros, e un total de 47,8 millóns de euros para mellora das marxes, é dicir, case 650 millóns para actuacións en infraestruturas hidráulicas.

Outro dos capítulos importantes é o reservado para a explotacións de estacións depuradoras de augas residuais (Edar), no cal durante o período 2009-2013 se investirán máis de 180 millóns de euros (184.960.835). Por último, para a xestión do dominio público hidráulico (DPH) dedicárase un orzamento que supera os 37 millóns de euros.

Orzamentos e liñas de actuación do Plan de infraestruturas hidráulicas

LIÑAS DE TRABALLO		INVESTIMENTOS TOTAIS DO PLAN DE INFRAESTRUTURAS HIDRÁULICAS 2009-2013	
INFRAESTRUTURAS HIDRÁULICAS	SANEAMENTO	390.347.840 €	646.807.024,17 €
	ABASTECIMIENTO	208.659.183,75 €	
	MELLORA DE MARXES	47.800.000,00 €	
XESTIÓN DO DPH	VERTEDURAS+DMA	37.006.131 €	37.006.131 €
EXPLOTACIÓN DE EDARs		184.960.835 €	184.960.835 €
		868.773.990,98 €	

Dobre obxectivo

Grazas a este plan o Goberno galego abre unha nova etapa na xestión das augas caracterizada por un dobre obxectivo: garantir e preservar a calidade das augas da Comunidade Autónoma fomentando e potenciando un uso racional e responsable deste recurso natural, ademais de contribuír ao desenvolvemento económico-sustentable da comunidade galega.

Coa activación desta ferramenta, a finalidade da Xunta de Galicia é dar cumprimento aos distintos plans aprobados en materia de auga, como o Plan de saneamento, os Plans hidrolóxicos de bacía e o Plan de abastecemento. Tamén se traballará na liña de mellorar a xestión de dominio público hidráulico, atendendo de xeito especial ás verteduras que afectan as rías galegas co obxectivo de garantir o seu saneamento en 2015. Outro dos puntos é implantar un sistema de xestión para resolver a actual problemática das explotacións das estacións depuradoras de augas residuais da comunidade. Por último, búscase cumprir as directivas comunitarias vixentes (a Directiva 91/271 e a Directiva marco da auga) e colaborar coas entidades locais en materia de abastecemento.

Seis liñas de traballo

O Plan de infraestruturas hidráulicas está formado por seis liñas de traballo que se recollen en tres grandes grupos: as infraestruturas hidráulicas, a xestión do dominio público hidráulico (DPH) e a explotación das estacións depuradoras.

Bloque de actuación	Liña de traballo
Infraestruturas Hidráulicas	1.- Actuacións en saneamento e depuración de augas residuais
	2.- Accións de abastecemento e regulación de recursos hídricos
	3.- Medidas de defensa de inundacións
Xestión DPH	4.- Control de verteduras
	5.- Traballos para a implantación da Directiva marco da auga
Explotación Edar	6.- Manter a colaboración técnica e financeira coas entidades locais en materia de abastecemento e saneamento

Polo tanto, o departamento responsable en materia hidráulica levará a cabo actuacións en saneamento e depuración de augas residuais, co obxectivo global de mellorar a calidade das rías galegas e acadar o bo estado ecolóxico; accións de abastecemento e regulación de recursos hídricos, xa que se considera necesario e prioritario garantir as necesidades, tanto en cantidade como en calidade, actuais e futuras de abastecemento de auga potable a todos os núcleos de poboación superior a 50 habitantes; e medidas de defensa de inundacións, mellora das marxes e recuperación de contornos degradados.

En materia de xestión do dominio público hidráulico propóñense accións de control de verteduras e traballos para a implantación da Directiva marco da auga. Por outro lado, este plan tamén recolle a implantación dun novo modelo de xestión para a explotación de depuradoras de augas residuais da comunidade. Unha das últimas liñas de traballo é manter a colaboración técnica e financeira coas entidades locais en materia de abastecemento e saneamento.